



Sabela González Pazos

SABELA GONZÁLEZ

ESCRITORA

«A MIÑA PROTAGONISTA É MULLER SE CADRA POR ESTAR VENDO 'XENA, LA PRINCESA GUERRERA»

A novelista de Cervo anda enleada na promoción física do mundo fantástico da triloxía 'As crónicas de Landereina', que comeza coa exitosa 'Bágoa de Lúa'.

TEXTO: JAUREGUIZAR

Houbo xente que me comentou que lles chocaba que aparecesen produtos como o café nunha historia pseudomedieval, pero eu non escribin que estivese ambientada en Europa»

O seu primeiro libro, 'Bágoa de Lúa' (Galaxia), aparécesenos por todas partes. De onde raio saíu?

É o primeiro libro dunha triloxía, 'As crónicas de Landereina'. A idea xurdiu dun relato curto que empezo a crecer e a ítreme das mans. **Ten xa todo escrito?**

Non, empecei unha segunda parte e pensei a terceira. Teño notas de todo.

Fáleme logo dese relato tan fértil. Éa un conto arredor dun reino fantástico. O protagonista era un rei, pero non saíu nada, porque o rei era bo e non lle pasa nada ata que o matan.

Das vidas dos bos non nacen historias.

Naceu o reino de Landereina. Intentei saber por que o mataron. E o protagonismo pasou dun home a unha muller, Berenguela. Os comentaristas de novidades están encantados con que o xénero fantástico, tan masculino, teña unha novela cunha protagonista.

Foi algo casual.

Que me dí? Nada que ver coas teorías da literatura feminista?

Nin o pensei, para min era máis fácil que fose muller porque teño cercanía. Gustábase o nome de Berenguela e que as protagonistas fosen amazonas. Non sei, se cadra me pillou vendo 'Xena, a princesa guerrera'.

Que foi antes o reino ou os personaxes?

Naceron ao tempo porque eu tiña dúas cidades, pero quería contar máis cousas. Estaban ben que houbera algo entre as cidades e así nace o reino porque podo imaxinar territorios e razas. Foi un proceso moi divertido buscar seres mitolóxicos e inventar lugares.

Cando me bloqueou na escrita invento esas cousas.

Son moitos seres, razas e países. Queda bloqueada a miúdo?

Non, pero ás veces pasa. Falábase da princesa Xena, iso ten un tempinho. Cando empezou a novela?

No 2001-2002. Leva máis de dez anos con ela?

Con ela e con outras cousas. Fixen un lectorado en Lotient, un máster de edición...

Laboralmente o máster non é moi útil, pero como tamén ilustra os seus libros, seguro que lle serviu.

Sería mellor que fose máis útil laboralmente. Servíume para entender como funciona o mundo editorial, pero non para o libro en si.

Aínda non lle preguntei por que escolleu xénero fantástico.

Porque me gusta; é o que leo h. O mellor do fantástico é poder inventar absolutamente todo.

Non hai risco nese xénero? Vostede

pode inventar todo, pero debe ser coherente.

Hai que manter normas, pero é divertido coller historias e mitoloxías sen preocuparte por concrecións.

Houbo algo que non lle funcionase?

Houbo xente que me comentou cousas. Ao ser pseudomedieval, hai cousas que chocan de produtos que nos chegaron anos despois, como o café.

Pero Landereina non está necesariamente ambientado en Europa. Si, iso penso eu.

O argumento é clásico: heroe tratando de evitar unha catástrofe con obxecto máxico.

Trato de que non se repitan as historias dos tres libros. Contar épocas distintas na mesma terra con reis diferentes.

A maiores de mulleres no protagonismo, tamén lle aplauden que a narración non sexa liñal. Non me dirá que isto tamén foi inconsciente?

Ei lo consciente. É unha crónica ampla que comezará no ano 1034 e acabará no 1227. E con reis distintos.

E como vai esa segunda parte? Teño algo escrito, pero agora estou de promoción.

Se a promoción lle entorcece a escrita será que o libro vai ben.

Saíu hai un mes, polo que non temos cifras, pero parece que ben.

Pensa que pode servir para revitalizar o xénero fantástico en Galicia? Hai poucos cultivadores.

Están aparecendo editoras de fantástico e é o xénero que gusta aos rapaces.

Unha proba son os libros de Dragal, de Elena Gallego.

Li os seus libros, E que opinas?

... E ese silencio? Estou pensando a resposta... Gustátorime, están ben contados.

Pero... Pero fálalles fantasia. Deberían ter mais. Gústame fuxir da realidade.

Xa que non pode fuxir fisicamente da realidade, como vai fuxir do cotiá este verán?

Vou traballar e seguir promovendo. Trei ás festas de Cervo.

Distraerse con estes videoxogos que tanto lle gustan, ou?

Teño que seguir co que estou, poñendo debuxos no blog.

Por que decidu facer tamén os debuxos do seu libro? Non era exporse en demasiadas fronteas?

Li os teño que estar sempre escribindo. Tamén fixen un alfabeto, unha diversión de linguista. Só fixen unha parte porque facela complexa dá moito traballo.